

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de xaneiro de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte de xaneiro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste o deputado provincial e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 13 DE XANEIRO DE 2017.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día trece de xaneiro de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CLUB OURENSE BALONCESTO SAD.- No Pleno de data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 48202-34111, a cantidade de 216.000,00 euros a favor do Club Ourense Baloncesto SAD con CIF A32159287, para o fomento do deporte.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada sociedade deportiva, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade **acorda** a aprobación dunha subvención ao Club Ourense Baloncesto SAD, nos seguintes termos:

-Importe: 216.000,00 €.

-Obxecto: Fomento do deporte: gastos de funcionamento e mantemento do club.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de xaneiro de 2017

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

O beneficiario poderá presentar toda a documentación xustificativa de maneira total ou parcial. No caso de presentar a documentación xustificativa parcialmente, procederase aos pagos fraccionados correspondentes, ata acadar a totalidade do importe subvencionado.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2017.

3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA OU-0606 VALILONGO-A TEIXEIRA”, N.º 133/POS/2016, NA TEIXEIRA.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1. Excluir do expediente expropiatorio aos propietarios das parcelas n.º 32, 58, 61 e 68, que asinaron convenios de “mutuo acordo” para a adquisición das devanditas parcelas.
2. Aprobar o proxecto técnico da obra “acondicionamento e mellora integral na OU-0606 Valilongo-A Teixeira”, n.º 133/POS/2016, no concello da Teixeira, así como o

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de xaneiro de 2017

anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

3. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.
4. Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urgente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	REF. CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M² EXPROP
25	32081A020000080000GY	MATAGUEIRA	Ramón López González	40,14
27	32081A020000180000GM	MONTE	José López González	59,60
29	32081A020000220000GQ	PASTIZAL	José López González	60,12
35	32081A020000240000GK	PASTIZAL	Santos Gómez González	82,37
43	32081A020000250001HF	PASTIZAL	Diocese de Ourense	520,27
44	32081A020003100001GO	PASTIZAL	Josefa Pérez Cid	73,91
46	32081A020000510000GT	PASTIZAL	Santos Gómez González e outra	8,86
48	32081A020000480000GT	PASTIZAL	Hros de Vicente Ramos Domínguez	31,55
49	32081A020000490001HL	PASTIZAL	Hros de Vicente Ramos Domínguez	57,28
51	32081A020000560000GR	PASTIZAL	Hros. de Nicanor Domínguez González	30,01
53	32081A020000570001HF	PASTIZAL	Hros de Ramiro Domingo González	68,49
55	32081A020000580000GX	PASTIZAL	Hros de Adino Pardo Álvarez	58,04

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de xaneiro de 2017
--

59	32081A020000660000GZ	PASTIZAL	Bautista Gómez González	32,77
62	32081A020000680000GH	PASTIZAL	Matilde González González	54,07
64	32081A020000700000GH	LABRADÍO	Hros. de Nicanor Domínguez González	46,52
65	32081A020000710000GH	LABRADÍO	Domingo Lorenzo Fernández	39,89
66	32081A020000770000GQ	PASTIZAL	Casiano González González e outros	88,25
69	32081A020000790000GL	PASTIZAL	Manuel González Álvarez	6,60
70	32081A020000800000GQ	PASTIZAL	Francisca González Ojea	6,87
72	32081A020000810000GP	PASTIZAL	Asunción González Rodríguez	42,68
74	32081A020000920000GD	PASTIZAL	María Juana Enríquez Rodríguez	42,68
76	32081A020000940000GD	PASTIZAL	José Alberto Gómez Ramos	11,43
77	32081A020000970000GS	PASTIZAL	Asunción González Rodríguez	20,97
78	32081A020000980000GZ	PASTIZAL	Francisca González Ojea	51,48
79	32081A020000990000GL	PASTIZAL	Manuel González Álvarez	30,06

5.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

4.- FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN

PROVINCIAL.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación Provincial de Ourense, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Fixar os prezos de venda ao público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de xaneiro de 2017

1. **Valladares López, Saturnino:** *Retrato de grupo con figura ausente. Edición y análisis de la correspondencia entre José Ángel Valente y los poetas españoles de su edad.* Prezo por libro: **10 € (IVE incluído).**
2. **De Juana López, J. e Prada Rodríguez, J.:** *Apuntes históricos de Cortegada de Baños.* Prezo por libro: **9 € (IVE incluído).**
3. **Eguileta Franco, J.M. e Rodríguez Cao, C. (Coord.):** *Aqua, divi, urbs (agua, dioses, ciudad): excavaciones arqueológicas en As Burgas.* Prezo por libro: **12 € (IVE incluído).**
4. **Lamas Bértolo, Jorge:** *Cemiterios esquecidos: o fenómeno tumular na comarca do Arenteiro.* Prezo por libro: **25 € (IVE incluído).**
5. **Nieto Muñiz, E [et al.]:** *Arqueoloxía do viño. Os lagares rupestres da comarca de Monterrei.* Prezo por libro: **9 € (IVE incluído).**
6. **Barreiro Fernández, J.R.:** *Los perdedores. La represión política en Galicia en el siglo XIX.* Prezo por libro: **10 € (IVE incluído).**
7. **Pousa Diéguez, R.:** *El señorío de Lobás en la Edad Moderna.* Prezo por libro: **12 € (IVE incluído).**
8. **Axeitos Valiño, R. [et al.]:** *O farmacéutico e deputado de Cortegada José Ojea.* Prezo por libro: **10 € (IVE incluído).**

5.- ASUNTOS DE URXENCIA: Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA:- Non se presentaron.

7.- ROGOS E PREGUNTAS:- Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día vinte de xaneiro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,